

PEREGRINACIÓN A SANTIAGO

Fomos de peregrinación a Santiago de Compostela. Ao chegar á catedral era de noite. Había un home cunha pinta estraña, con moito pelo e unha cruz ao lombo.

Algo moi raro era a súa forma antiga de falar e a súa enorme cicatriz que recorría todo o seu pescozo. Cando chegamos á tumba do Apóstolo Santiago di: "E aquí remata a visita, é a miña hora de volver a casa".

ENCAIXE DE CAMARIÑAS

Miña avoa sempre foi unha gran palilleira. Un claro exemplo das vidas que rodean o encaixe de Camariñas. Tecía pensando nas formas, nas cores, no mundo que pretendía retratar e maquinar nas súas propias mans.

Cando xa enfermara de alzheimer, narrábame cal nena o naufraxio do HMS Serpent do que lle falaban sempre na aldea. Poñía palabras con ollos cheos de brillo ós mortos deitados fronte ao mar, ingleses todos, habitantes do naufraxio. Decía: mágoa que ninguén saiba que os fíos do destino xa teceran cadanseu camiño nin que o verdadeiro afogar deses mariñeiros estivo palillado nos seus pescozos co gravado do noso fermoso encaixe.

O mar apoderouse das ondas e a vinganza dun amor efémero cobrou sentido co sacrificio destas ánimas.

As incomprendidas do Castro Curbín

Na comunidade coa que me criei, todas eran meigas chuchonas e sempre escoitaba relatos arrepiantes delas. Con todo, eu non sentía ese gozo pola aflición que lle causaban ós humanos. Eu prefería curalos, así que decidín converterme nunha bruxa menciña.

-Collede as vasoiras que pronto debemos saír-. Todas estaban inquedas para poder irse, pero eu non podía estar máis en desacordo, polo tanto, intentei fuxir pero “cacháronme” e puxéronme cunha compañeira.

Hoxe era a noite máis importante para as meigas porque o solsticio de verán permitíanos traspasar do noso mundo ao dos humanos.

-Rapazas -díxonos a instrutora-. Deberedes de seguir o sinal.

-Como é o sinal? -preguntei. Nunca fora a ningún sitio sinalado.

-Xa te darás conta, Aine -respondeu de mala gana a miña compañeira. Ela nunca me caeu ben.

-Veña, marchade xa!

Seguindo as instrucións que nos deron, chegamos a un castro e decidimos deixar as vasoiras alí mesmo.

-Cada unha irá polo seu lado, así non me amolarás a noite -asegurou Beltaine.

-Estou de acordo -asentín para distraela, xa que era mellor seguila para que non lastimara a ninguén.

Ela foise entre as sombras, e eu, amodo e a certa distancia, seguina.

Chegamos a un lugar coma nunca antes vira. Era un castelo ó que un señor vestido cunha capa ía prenderlle lume. Antes de que acontecera, Beltaine colleu a un neno que estaba agochado e rapidamente lle chupou o sangue e escapou. No momento que me dei conta, corrín cara el, pero xa era tarde. O castelo estaba acendido e eu non podía achegarme a el. Xa non podía facer nada polo pequeno e a xente estábase aproximando velozmente a onde me atopaba debido á calor do lume. A mellor opción era fuxir de alí e atopar a miña compañeira.

Corrín e acheina xa cerca do castro cun refén.

-Solta ó neno -berrei.

-Por que? -protestou Beltaine.

-Porque está asustado e indefenso -intenteina persuadir.

-Desde cando iso me importa? Sabes o que vale o sangue dos nenos?

-Déixao.

-Non o deixarei, a non ser que queiras loitar comigo a morte.

Eu xa sabía que non era da súa devoción, pero chegar á morte era demasiado.

-Acepto -dixen finalmente. Non ía deixar que pola miña incompetencia morrera máis xente. Eu estaba preparada e tiña de lado a natureza; non obstante, Beltaine podía cambiar de forma e tamén se defendía ben.

Nese intre comezamos a pelexa máis brava que poden recordar as meigas. As dúas estábamos alentadas por unha finalidade: eu nun acto de rebelión contra todas as barbaridades causadas polas meigas; e Beltaine pola aprobación da comunidade, que nunca lle recoñecían ningún logro que conseguía.

Estas confesións fixéronas ó amencer, feridas de morte, consolándose e afrontando o

seu destino.

O Sol, desconsolado, choraba pola irremediabile perda das súas fillas.

Os humanos, vendo o Sol, sempre pensarán erroneamente que todos os anos, igual que ese día, pola alborada do San Xoán no Castro Curbín vese o Sol bailar pola festa.

Pero eu sempre recordarei ás incomprendidas do Castro Curbín.

Mera, o lugar onde o vento fala galego e as ondas do mar escriben versos na area cada vez que baten contra a beleza da costa. Aquí, ao pé do faro, onde a luz debuxa camiños no mar e o sal pinta as pedras de branco, nacen as palabras coma se fosen aves migratorias que sempre regresan a súa casa.

O faro de Mera non é só un ollo aberto ao océano, é un corazón palpitante dende a memoria. Gústame sentarme ao seu carón cando cae a tarde e os últimos raios do sol déixanse acariñar polas Illas de San Pedro coma se fosen un segredo que só os poetas poden entender.

Neste recuncho do mundo, onde as árbores se inclinan cara ao mar como se o escoitasen cantar, eu aprendín que escribir é salvar. Salvar o que fomos, o que somos, e o que poderíamos esquecer se calásemos. Cada palabra en galego que deixo cada día no papel é unha lembranza que medra entre os toxos, entre as rochas, entre a brétema.

Hai unha beleza serena neste lugar, unha beleza que non pide moito: só ollos atentos, corazón aberto, e lingua viva. O idioma sabe a mar aquí. Sabe a aire limpo e a terra que non se rende e respira xunto a nós.

E mentres escribo, sinto que o faro tamén me observa, coma quen sabe que a luz non só serve para guiar barcos, senón tamén ideas, soños dos nenos que levamos dentro e voces novas que queren dicir: eu tamén son desta terra, eu tamén quero contar a súa historia.

-Matáronlles, mataranlles e matarannos! Que inxusta che é a vida! Recordo que de cativo viña co meu pai a xogar a este campo e agora está cheo de ratas, que é coma nos chaman os fusiladores. Soamente somos iso: ratas, puras e asquerosas ratas.- afirmou Luis.

-Fala por ti, compañeiro, eu son un heroe! Loitei na guerra de 1818 - respondeu Moore.

-Pero que dis, fantasma! Na Guerra de Independencia? Iso é imposible, terías 118 anos.

-O que escoitas chaval, a miña participación foi decisiva. Fun capaz de atraer ós franceses cara ao norte mentres trataba de embarcar as miñas tropas no porto da Coruña. Aquí puideron establecer unha posición defensiva grazas aos outeiros que rodean a cidade. Non obstante, e por un despiste, fun fatalmente ferido.

-É incríbel o que é capaz de facerche a mente nunha situación de estrés. Que loitou na guerra do 18! Que trouxo ós franceses ao norte! Que barbaridade! Pobre home! - besbellou para si mesmo Luis.

Tras a conversa entre os dous compañeiros de tumba, Luis viu algo totalmente desolador que o converteu nun corpo sen alma, practicamente sen capacidade para respirar, pois viu ao seu carón ó seu pai, pero non no bando das ratas, senón algo moito peor: no bando dos exterminadores.

Que caprichosa que é a vida, despois de tantos anos sen verse, agora atópanse no lugar onde tanto tempo pasaran xogando, o único que dende perspectivas totalmente diferentes.

Finalmente os dous familiares acabaron por coincidir. Como estaba prohibido calquera tipo de trato entre persoas de categorías diferentes, non puideron manter contacto algún, aínda que ás veces unha mirada vale máis que mil palabras.

Foi difícil, pero o pai de Luis puido axudalo a escapar, sen iniciativas de socorrer ó seu amigo Moore.

-Por que fas isto? Por que fusilas a inocentes? Ti es unha boa persoa. -preguntou Luis.

-Non teño máis remedio que facelo. Mándanme e eu obedezo. Non teño capacidade ningunha de paralo. -sostivo o pai.

-Por que non axudaches ó meu amigo? Volveuse tolo polo destino que lle esperaba. Tiña dereito a saír. Coma todos nós.

-Que amigo dis, filliño? Ti estabas só, murmuxando.

-Pois falo de John. Dicía que loitou na Guerra de Independencia. O que hai que escoitar! Pero éache un bo tipo.

-John Moore? O militar e xeneral británico? Pero se morreu na batalla de Elviña hai máis de cen anos! De feito, a súa tumba pódese atopar nos xardíns de San Carlos, aquí, na Coruña.

Tras ter falado disto co seu pai, Luis empezou a visitar o lugar de repouso do home que o acompañou durante unha fase moi trágica da súa existencia, sempre acompañado polo mesmo

Moore. De feito, Luis Seoane tenme dito que foi John quen lle aconsellou publicar o seu poema *As Ratas*, pertencente á súa obra *As cicatrices*, inspirado nese momento que viviron xuntos.

-Matáronlles, mataranlles e matarannos! Que inxusta che é a vida! Recordo que de cativo viña co meu pai a xogar a este campo e agora está cheo de ratas, que é coma nos chaman os fusiladores. Soamente somos iso: ratas, puras e asquerosas ratas.- afirmou Luis.

-Fala por ti, compañeiro, eu son un heroe! Loitei na guerra de 1818 - respondeu Moore.

-Pero que dis, pantasma! Na Guerra de Independencia? Iso é imposible, terías 118 anos.

-O que escoitas chaval, a miña participación foi decisiva. Fun capaz de atraer ós franceses cara ao norte mentres trataba de embarcar as miñas tropas no porto da Coruña. Aquí puiden establecer unha posición defensiva grazas aos outeiros que rodean a cidade. Non obstante, e por un despiste, fun fatalmente ferido.

-É incríbel o que é capaz de facerche a mente nunha situación de estrés. Que loitou na guerra do 18! Que trouxo ós franceses ao norte! Que barbaridade! Pobre home! - besbellou para si mesmo Luis.

Tras a conversa entre os dous compañeiros de tumba, Luis viu algo totalmente desolador que o converteu nun corpo sen alma, practicamente sen capacidade para respirar, pois viu ao seu carón ó seu pai, pero non no bando das ratas, senón algo moito peor: no bando dos exterminadores.

Que caprichosa que é a vida, despois de tantos anos sen verse, agora atópanse no lugar onde tanto tempo pasaran xogando, o único que dende perspectivas totalmente diferentes.

Finalmente os dous familiares acabaron por coincidir. Como estaba prohibido calquera tipo de trato entre persoas de categorías diferentes, non puideron manter contacto algún, aínda que ás veces unha mirada vale máis que mil palabras.

Foi difícil, pero o pai de Luis puido axudalo a escapar, sen iniciativas de socorrer ó seu amigo Moore.

-Por que fas isto? Por que fusilas a inocentes? Ti es unha boa persoa. -preguntou Luis.

-Non teño máis remedio que facelo. Mándanme e eu obedezo. Non teño capacidade ningunha de paralo. -sostivo o pai.

-Por que non axudaches ó meu amigo? Volveuse tolo polo destino que lle esperaba. Tiña dereito a saír. Coma todos nós.

-Que amigo dis, filliño? Ti estabas só, murmuxando.

-Pois falo de John. Decía que loitou na Guerra de Independencia. O que hai que escoitar! Pero éache un bo tipo.

-John Moore? O militar e xeneral británico? Pero se morreu na batalla de Elviña hai máis de cen anos! De feito, a súa tumba pódese atopar nos xardíns de San Carlos, aquí, na Coruña.

Tras ter falado disto co seu pai, Luis empezou a visitar o lugar de repouso do home que o acompañou durante unha fase moi trágica da súa existencia, sempre acompañado polo mesmo Moore. De feito, Luis Seoane tenme dito que foi John quen lle aconsellou publicar o seu poema *As Ratas*, pertencente á súa obra *As cicatrices*, inspirado nese momento que viviron xuntos.

LEMBRANZAS DUN RECUNCHO BALEEIRO

No ocaso da miña vida era hora de saldar contas pendentes e regresar ás miñas orixes. Deixando atrás Xermaña, a estrada que leva ata ese pequeno recuncho de entrada á Costa de Morte, Caión, apenas mudara. Continuaba sendo de terra, quizais cun pouco máis de anchura, e a súa acusada baixada de sinuosas curvas ata a Praza refrescaba a miña memoria.

Dirixinme cara a San Roque e alí seguía en pé a miña casa, a da Cacharola como a chamaban, coa súa balconada asomando ao porto, asentada na furna que sostén este barrio mariñeiro. Mantíñase case intacta e na fachada dábame a benvida, como traveseiro da porta, aquel inconfundible óso de balea duns dous metros, tal e como recordaba.

Ao velo, parei en seco. As lembranzas da xuventude apareceron de socate e vinme como o que noutrora fora, un bravo lobo de mar, que aprendera o oficio de arpoador a carón dos mareantes vascos, cunha sona que chegaba máis alá de Camelle pola miña maña para cazar dúas baleas á vez.

Por iso, os armadores rifábanme. Eran só os catro ou cinco meses de inverno o que duraba a costeira e había que traballar arreo para que o comercio de saín para os candís, da carne ou das barbas para os paraugas, xustillos, fustas ou cepillos fose rendible; por suposto, unha vez descontado o décimo do mar, a razón do meu desterro. Aquel polo que nunha desgraciada hora me enfrontei a aquel avaro e cobizoso frade do Convento de Santo Agostiño, canso dos abusos que o pobo padecía. Se era botado para diante para cazar eses monstros do mar como non ía selo cos da terra! Mais o peso do poder caeu sobre min e pagueino con pena de cárcere nos sotos do Pazo.

A nova espallouse por todo San Roque e prendeu o lume que tanto tempo levara adurmiñado. A actividade baleeira detívose de cheo i estalou unha revolta, en aparencia espontánea pero insuperablemente previsible, que arrincou desde San Roque ata a meta señorial, onde unha masa de xente, coas mulleres diante, pretendían tirar abaixo o portón do Pazo, como resorte impulsivo do anoxo popular.

As mans prudentes, sabias e hábiles de dona Lucrecia Bermúdez de Castro, a dona do Pazo e señora de Montaos, que non aturaba as inxustizas, axudáronme a saír polos pasadizos subterráneos ata a Praia do Cárcere. Alí esperábame a súa carruaxe que me levou ata Malpica, onde embarquei sen retorno cara ao mar do inferno, Terranova. Atrás deixaba a miña vida.

Pode ser que o auxilio prestado lle pasara factura tamén a ela. Alguén do servizo ou quizais algún frade intrigante debeu delatala e nunha das súas frecuentes viaxes entre Galicia e Valladolid, a terra do seu esposo, foi brutalmente asasinada. Sempre carguei co pesadume de que fora pola miña culpa, aínda que as azueiras apuntaron ao degoiro do seu home de quedar coas súas posesións, pero quen sabe.

O seu nome é Xacia, unha meniña, a máis engaiolante, leda e amable que coñecín xamáis. Ela é a importante, non eu. Eu só son unha fada, sí unha destas que se asignan a o nacer. A min e as miñas irmás sóennos chamar fadas madriñas e temos o deber de coidar a tódolos nenos ata que crezan e deixen de ser nenos. Cando iso ocorre, nós morremos. Somos como as bolboretas, fráxiles e caladas pero moi chamativas.

Pero hoxe eu era máis débil que nunca. Era o décimo aniversario de Xacia, o meu último día de vida. Eu xa sabía cal era o meu destino, mais non estaba preocupada, pola contra quería facerlle un agasallo especial a miña meniña. A miña creación consistía nuns penedos, xa que Xacia dende moi pequerrecha era fan de escalar rochas.

Unha vez satisfeita e rematado o meu traballo fun en busca da pequena. Atopeina na casa dos avós. Canto crecera!, xa case era unha fermosa moza.

– Xacia!- chameina as escondidas.

Ela ouviu levemente e sen chamar moito a atención internouse no monte, para que nadie nos puidera ver.

– Madriña, facía tempo que non viñas!- exclamou.

– Ségueme quéroche ensinar algo.

– Un agasallo?- preguntou.

Asentín sorrindo e comecei a camiñar pola estreita senda, ela púxose ao meu carón e empezou a contarme sobre as súas amigas, seus agasallos e as notas dos exames. Isto encantábame, non había mellor mestura que a súa voz e as fermosas paisaxes, pois xa deixáramos atrás o monte e andábamos por uns verdes pastos.

– Dime madriña, porque cando ti andas cheas o campo de flores?

– Non che sei decir filliña- respondín.

Continuamos ata que entramos na praia.

– Madriña porque cando mollas os pés os peixiños arrodéanche?

– Non che sei- respondín.

Seguimos e entramos de novo no monte, tíñamos que chegar ao mais alto. Xacia tan tranquila non se queixaba pola empinada subida. Cando vin que nos aproximábamos mandeille pechar os ollos ata que ao lonxe distinguín as altas rochas.

– Xacia xa podes abrir os ollos-

Pero ao abrilos ela non mirou os penedos, quedou fitando cara min con cara de confusión.

– Madriña que che pasa porque estas desaparecento- preguntou asustada.

Entón mirei cara o sol, xa estaba moi baixo. Por outro lado escoitábanse os berros dos avós que buscaban por Xacia. Xa non me quedaba tempo.

– Escoita Xacia, a partir de agora xa non vou a estar ao teu carón, pero iso non significa que vaia morrer. Non, eu estarei no mar, nas flores, no ceo... nestas pedras que che agasallo. Sempre che estarei coidando, pois o meu nome e Traba, e son a túa fada e a de este lugar.

Ela abrazou a fada moribunda, e xusto cando o sol se puxo e Traba desapareceu por completo, aqueles penedos comezaron a transformarse en todo tipo de formas: animais, persoas, obxectos... E Xacia ficou asombrada por aquel enorme agasallo. Dende entón recibe o nome de “Os penedos de Traba”.

AO OUTRO LADO DA NÉBOA

Xaime escoitara moitas veces lendas de pobos galegos. Algunhas parecían moi reais e outras, dubidaba da súa veracidade. Entre todas elas, a de Fisterra chamáballe especialmente a atención. Todos os viaxeiros falaban dela, e segundo contaban, os valentes que foran ata alí nunca volvían aparecer.

Era unha historia inquietante: todos os que chegaban ao “fin do mundo” desaparecían sen deixar rastro. Algúns aseguraban que o mar os tragaba e outros que a néboa os absorbía, pero ninguén lograra regresar para contalo.

O mozo, movido pola curiosidade, decidiu emprender a viaxe. Non cría en supersticións, e moito menos en contos populares, así que encheu a mochila de provisións e púxose en camiño. Seguiu as rutas dos peregrinos, internándose no camiño cara ao oeste. As pegadas de antigos viaxeiros eran visibles na terra húmida e nas pedras cubertas de musgo, pero todas ían nunha única dirección. Non había nin unha soa pegada que indicase que alguén regresara.

Durante o traxecto, Xaime camiñaba confiado, a pesar de que a maior parte do tempo a soidade o acompañaba. Cando paraba nos pequenos municipios a descansar ou comer, os veciños insistían en que abandonase a súa aventura e volveuse á casa. Pola contra, sempre ría e burlábase de todas aquelas advertencias.

Tras varios días de camiñada, alcanzou os primeiros outeiros con vistas ao mar. A néboa comezou a envolvelo e o vento sopraba con forza. Algo empezou a desacougalalo. As lendas falaban dunha forza invisible, dun misterio ancestral que gardaba o fin do mundo.

Finalmente, chegou ao faro de Fisterra. A paisaxe era impresionante, pero ao mesmo tempo perturbadora. O océano parecía non ter fin, e o ceo, escuro e nubrado, fundíase co horizonte. Estaba só, acompañado unicamente polo son do vento e das ondas batendo contra as rochas.

Ao achegarse ao cantil, a sensación de estar sendo observado intensificouse. Un murmullo estraño chegou ata os seus oídos, coma un rumor afastado que medraba en intensidade. Semellaba dicir: “Ven, ven...”, cada vez máis nítido. Xaime mirou arredor, pero non había ninguén. Mentres tanto, a néboa rodeáballo, densa e case viva.

Entón, entre a brétema, distinguiu un rostro. Era unha muller de ollos brillantes e expresión serena. Os seus beizos non se movían, pero a súa voz escoitábase cada vez máis alta e clara: “Xa estás aquí... estabamos agardando por ti”. O vento detívose e o mundo pareceu conxelarse. Xaime sentiu unha calma estraña, coma se aquela presenza lle transmitise unha paz profunda. Sen decatarse, estendeu a man cara a ela, e en canto os seus dedos rozaron a néboa, todo cambiou.

Xa non estaba no cantil. Diante del abríase unha paisaxe completamente distinta á que estaba acostumado: con montañas flotantes e un océano de estrelas. Cruzara ao outro mundo, un moi diferente do que deixara atrás. Pero non estaba morto. Foi entón cando comprendeu que a lenda non falaba da morte, senón de cruzar ao outro lado.

Onde se esconde o amor

Na cidade onde o mar conversa co granito, un home tallaba o alento do tempo nun pórtico silandeiro. Cada forma nacía dun recordo, cada curva dun nome non dito. Tiña as mans cheas de oficio e os ollos perdidos nunha ausencia: a luz que xa non entraba pola porta da casa.

Ela marchara. Ou fora levada. Ou, simplemente, desaparecera entre as sombras que se pegan aos pasos sen despedida. A cidade seguía xirando, e os paxaros seguían debuxando círculos sobre as torres, mais algo quedara suspenso, como unha nota que non cae.

A pedra comezou entón a medrar doutra maneira. Non era arte, era procura. Non era devoción, era memoria. E un rostro brotou do silencio: suave, sereno, como quen regresa sen pedir permiso. Era ela, e non era. Era o que quedara dela: o desexo de que volveuse, o eco do seu nome no aire salgado.

Cando o tempo deu unha volta máis e os camiños se cruzaron de novo, non fixeron falta palabras. A estatua xa o dicía todo. Non se trataba de perdón. Era algo máis antigo, máis fondo: a certeza de que o amor, ás veces, se agocha na pedra, esperando a que alguén o recoñeza.

Cada marzo, Arzúa échese de música e do arrecendo do queixo. Celébrase a famosísima Festa do Queixo, vista como algo máis cun simple mercado: unha tradición viva que une a Galicia ano tras ano. Non obstante, coma todo na vida, ten os seus escuros segredos agochados tras a ledicia.

Dise que nunha destas tardes de festa, cheas de néboa e friaxe, unha rapaza chamada Marta desaparecera. Inda que, en verdade, poucos saben a súa historia.

Marta sempre fora unha nena diferente ás demais, mesmo rara se se lle pregunta a quen a coñecía: a miúdo andaba soa, no seu mundo, e se a mirabas aos ollos algo máis da conta podías ver o remuíño de medo e inseguridade que albergaba no seu interior; máis atenta ao que non se dicía ca ao que se berraba.

Mentres o resto de persoas se dedicaban a probar a gran variedade de queixos e cantaban ao son das gaitas, ela sentiu que unha delicada e dulce voz a chamaba. Comezou a afastarse da feira, empurrada por unha forza invisíbel que lle movía os pés e a guiaba a través de silveiras e carballos ata que lle pareceu escoitar o murmurio da auga correndo. “Fonte da Quenlla” estaba escrito na pedra da fonte pero a Marta nin lle soaba de nada ese lugar nin escoitara falar del aos seus avós, que se sabían o terreo de Arzúa como a palma da súa man.

- Coñeces o queixo que che fai recordar? - preguntoulle unha rapaza duns dezaseis anos que ía vestida cunha saia e unha blusa brancas manchadas de leite callada e que olía sutilmente ao soro do queixo.

Marta quedou no sitio ao escoitar as palabras da moza pois tiña unha pel case tan branca como a súa roupa e unha cara de non haber durmido en demasiado tempo como para encontrarse ben. Con todo, non apartou a mirada da estraña.

- Se queres sabelo e saber quen es ti, peitéame con este peine de ouro. - dixo a moza.

A mesma forza invisíbel que a levara ata ese lugar volveuna impulsar. Comezou a peitear moi delicadamente á descoñecida e mil imaxes cruzaron pola súa mente: unha familia pobre, unha nena e unha vaca, a Fonte da Quenlla, a mesma moza con aspecto onírico, unha avoa chorando a desaparición da súa neta...

De repente, Marta acordou en si, estaba na feira cun cacho de queixo na boca, o sabor resultoulle familiar e triste. Estaba desorientada pois non sabía como acabara xusto aí pero tiña a mente baleira, completamente en branco, non sabía nin quen era.

ENTRE GLOBOS E LEMBRANZAS

Alí estaba, entre toda a xente, co seu vestidiño branco e o seu longo pelo louro, cos ollos azuis abertos coma dous pratos e cheos de bágoas que lle nublaban a vista. Non deixaba que nada nin ninguén lle tapara a visión, aquilo era incríbel.

Ela nacera alí, en Betanzos: a súa casa, a súa familia, a xente... Desde hai 16 anos, sempre agardaba a que chegara o día. Esa data que lle traía á mente miles e miles de recordos, mais este ano non fora como os demais. O día anterior ao lanzamento do globo, aquela persoa, que lle acompañaba desde o seu primeiro día de vida, desaparecera para sempre, non ía vela nunca máis. Esas apertas diarias nas que parecía que levaran moito tempo sen verse, eses contos pola noite, esas tortillas para almorzar, os domingos na Igrexa de San Francisco... Eses momentos xa non voltarían a suceder do mesmo xeito.

Camiñou uns poucos metros e xa chegara a súa vivenda, aínda que xa non era tan acolledora coma sempre, agora estaba soa, sen compañía de ninguén, sentía que era a fin de mundo. Continuou chorando desesperadamente e tumbouse na cama.

Pasaron os días e ninguén soubo nada de ela, ata que chegou de novo o día. Xa pasara un ano, pero aí estaba ela, rodeada dos betanceiros, co mesmo vestido branco, os ollos azuis cheos de bágoas e o pelo louro, mais agora levaba unha bolsa.

Unha bolsa, que como o momento do lanzamento, estaba chea de recordos bonitos, que non podería repetir. Mais nela estaba tamén a súa última esperanza, aquel retrato que nunca deixaba de mirar. O retrato dunha señora de tez moi branquiña, cos ollos azuis mirando o gran globo e co pelo branco. A pesar de todo, seguía estando acompañada. Iría coa foto á Igrexa, a almorzar a aquelas patacas con ovos crudiños e a celebrar a vida con viño nos famosos Caneiros.

TORDOIA, lugar de mouros

Todos os fins de semana dos meus sete anos ía co meu avó á súa aldea. Era verde. Moi verde. Alí onde mirase, estendíase un mar de árbores e herba, infestado de animais que en vez de nadar, voaban e corrían libres. Estes enchían os días e as noites con melodías solapándose entre si. Cando somos pequenos, cousas que os adultos teñen como obvias, a nós marabíllannos e sentimos curiosidade por como chegaron a onde chegaron. Esa curiosidade innata presentábase na miña cabeza cada vez que vía esas enormes pedras no medio do monte, solitarias, pero grandiosas, ás veces ameazantes. Eran imperturbables, tanto se o sol queimaba, como se se escondía detrás desas grises nubes, que mollaban o chan e deixaban ese aire húmido. Un día deses nos que estaba impresionada pola súa presenza xigantesca, preguntéille ao meu avó quen as trouxera alí. «Os mouros, pequecha», respondérame. «Os touros?». «Non, non! Os mouros. Habitaron estas terras antes ca ti, ca min e ca ninguén. Eran coma nós, pero un pouco máis grandes e coa pel cun ton marrón escuro. Isto debíase a que vivían na terra, debaixo de todo, e saían moi poucas veces. Esa pedra grande que estás observando, actualmente co nome de Pedra Longa, era, hai milleiros de anos, unha das entradas ao seu mundo subterráneo. Non sabemos como chegou alí, pero foi un gran labor». Eu escoitábao atónita, imaxinándome vivindo con eles, traspasando ese portal e aparecendo no seu fogar de raíces e minerais, ata que a miña curiosidade aflorou como en ocasión pasadas. «Pero... e esas pedras colocadas como unha casa para que servía se vivían a meirande parte baixo a terra?». «Moi boa pregunta! Os mouros e mouras construían todo tipo de obxectos, dende tesoiras ata broches de ouro cos materiais que extraían. Moito máis adiante, cando os seres humanos comezaron a poboar esta aldea, as criaturas quixeron comerciar con eles, algo que adoraban facer cando podían. Déronse conta que os novos habitantes non vendían nin compraban nada se o día era chuvioso, así que decidiron crear iso que chamas ti casa. Aquelas pedras distribuídas desa maneira eran unha cuberta para os axentes meteorolóxicos que non deixaban practicar o comercio. Como ves, os mouros eran moi intelixentes». «E como chegaron alí, avó?». «Dende xeracións atrás, sábese que esas rochas viñeron polo aire, nin máis nin menos. Unha moura, levantounas e baixounas tecendo cun fío tan forte como a forza de seiscentos cabalos».

E entre preguntas e preguntas, descubrín os encantos e segredos de Tordoia, lugar de mouros.

Despois do camiño

As ondas baten con firmeza nos cantís, ao tempo que o forte e frío vento do nordés achega as nubes cara a costa. As súas perigosas augas converteron o seu mar nun cemiterio para as embarcacións e os seus navegantes. A raíz disto foi construído o seu faro, coa fin de auxiliar ós mariñeiros cunha potente lanterna, que delimita o encontro entre o mar e a terra.

Dende a antigüidade, foi considerado un lugar máxico, sendo ademais o destino de numerosas peregrinacións. Ata aquí chegan todos aqueles que deciden continuar co seu camiño tras teren visitado o apóstolo Santiago, despois de catro novas xornadas de camiño, cando por fin acadan o seu destino: Fisterra, o fin do mundo coñecido.

As antigas civilizacións consideraban Fisterra un lugar místico, obxecto de numerosas lendas. Posteriormente, os romanos na súa expansión ata os confíns de Europa, bautizaron este lugar como o fin da terra, por ser o punto máis occidental do Imperio. Desta denominación romana deriva o seu nome Fisterra actual. Aínda hoxe en día é un dos lugares máis visitados de Galicia, tanto pola beleza das súas paisaxes, así como por amosar os atardeceres máis espectaculares sobre a inmensidade do océano Atlántico.

O patrimonio deste concello ten un valor incalculable, polo que é importante que sexa protexido polas próximas xeracións, co obxectivo de preservalo ao longo dos anos.

Unha menciña para a cabeza

Ás veces, todo o que precisaba era ir a aquela casa. Aquel lugar no que, lonxe de se asemellar a outro calquera, eu atoparía a miña menciña. E é que, onde vai un cando a cabeza lle falla? Non é doado confiarlle toda a miña mente a alguén que non daría máis de dúas palabras se non for polos cartos. 'Hola, pase, pase, siéntete en confianza'. Como ía confiar eu, se non confiaba nin en min mesmo? Non era nada doado. Porén, querido lector, non quero que isto lle pareza unha historia triste, desas que non aguantaría máis de dúas palabras sen deixar de lela, pois é, realmente, unha historia ditosa. Moi ditosa. Foi naquela casa onde atopei a miña solución, no rincón máis ourensán de toda a Coruña, xa desfogado polos intentos, todos en vano, de arreglar o meu malestar. Todas as menciñas que tentan curar ós enfermos non se semellaban ó que realmente me salvaría; era raro, pois a miña tiña ollos azuis, e pelo branco. Ese cabelo, mostra non só de anos de vida, senón tamén de intelixencia. Non era, pois, moi difícil deducilo; aquela porta de madeira non só abría as portas da casa, abríalle as portas ó tempo. Non quedaba parede sen estantería e estantería sen parede. E nelas, libros. Libros, libros que semellaban unha estampa fronte á inxencia do océano coruñés, que tantas veces curara ós máis febles. O home daquela casa fora escritor, cineasta e, sobre todo, lector, claro estaba. E acho que o sigue sendo, naquel mundo onde só os mortos soterran os seus mortos. Mais a miña ledicia tiña os ollos azuis. E sempre os terá. Aquela muller, que tantas batallas impensables lle gañara á vida, converteuse no meu calmante. Aquela muller, a única que podía facer que viaxara no tempo. O Ourense de Risco, a Cuba de Fidel, a Rusia das noites brancas, a súa Santacomba, todos xuntos, naquela casa fronte ó mar. Daqueles ollos azuis saían historias, anécdotas,

que ficarán, agora si, por sempre no tempo. Foise convertendo, pouco a pouco, no meu curar, sen sabelo eu, sen sabelo ela. Foi así coma naquel rincón da Coruña, que non semellaba outra cousa ca un portal do tempo, atopei a miña cura naqueles ollos azuis. Alí, e nada será nunca suficiente para llo agradecer dabondo, a miña avoa, sen quere-lo, convertérase nunha menciña, na menciña para a miña cabeza.

No ventre da ría

Non hai nada comparable ao abrente na Ría de Muros e Noia. Cando o sol comeza a erguerse tras as montañas, a súa luz dourada esténdese sobre a superficie da auga como un manto máxico, e todo semella suspenderse por un intre sagrado. A ría fala entón cunha lingua antiga, anterior a calquera palabra coñecida, unha lingua que non precisa tradución porque se entende directamente na pel, co corazón, coas entrañas. É un murmurio que percorre o corpo e que semella lembrarche quen es en realidade, máis alá de todo o que pensabas saber.

Navegar aquí é como abrir unha porta a outro mundo, un mundo feito só de luz, de salitre e de liberdade. Cada golpe de timón, cada cambio de rumbo, cada refracho de vento leva consigo a promesa de algo esencial e esquecido. A ría convida a deixar atrás o peso do mundo, as presas, as preocupacións e a mergullarse no que é verdadeiramente importante: a vida que sucede, silenciosa e perfecta.

Neste mar, apréndese a soltar. A respirar profunda, a confiar. A ría ensina sen palabras, cunha paciencia infinita, como un mestre antigo que sabe que cada aprendiz ha de atopar o seu propio camiño. Ás veces, basta un intre alí fóra, coa luz na auga e o aroma a salitre no aire, para lembrar que non somos máis ca unha parte pequena deste inmenso mundo, pero tamén fundamental.

Fronte ao Atlántico, tan aberto, tan poderoso, un síntese pequeno, pero tamén profundamente acompañado. Porque o mar non xulga simplemente existe. Na súa esencia tamén estamos nós. Só ti e o mar. Un diálogo silencioso que che amosa que, en realidade, nunca estiveches perdido.

Nese navegar lento e atento, a ría devólveche a ti mesmo, coma se cada onda, cada raio de sol reflectido, cada aroma do vento, fosen recordatorios amables da verdade máis sinxela: que a beleza está aquí, agora, e que a liberdade non é outra cousa que permitirse sentir todo isto sen présas, sen medo, sen necesidade de ser outra cousa máis que parte do mar, parte da luz, parte da vida.

Sorte na desgracia

Comandante, acabo de atopar isto preto dunha hélice.

—Que ten de especial? Só é un cinto.

—Non, señor. Mire pola parte de atrás...

Os dous observaron atentos como, efectivamente, o cinto tiña unha cremalleira. O comandante colleu o obxecto e, lentamente, comezou a abrir o pequeno peto. De súpeto, pechouno de novo.

—Que facemos entón?

Este cinto hoxe en día contería case once millóns de euros en diamantes...

Nunca se soubo con certeza que pasou con esas pedras. Probablemente foi un segredo compartido entre dous. O capitán nunca máis soubo delas. A dúbida, para el, foi sempre a mesma: tal vez o comandante atopara aquel día a súa fortuna, levando con el para sempre os brillantes e o segredo desta historia.

Isto aconteceu o 16 de agosto de 1973, cando un avión procedente de Madrid se estrelou contra a ladeira de Montrove, no concello de Oleiros, na Coruña. 85 persoas perderon a vida... e, probablemente, o comandante gañou a súa fortuna para sempre.

O falar da terra

Na eira, a avoa Pepa lavaba a roupa mentres falaba co neto.

-Non digas neno, Xabier, que aquí sempre dixemos rapás. E tampouco é fouce, é gabillo. Logo...xa non falas coma nós?

O rapaz mirouna confundido. Na escola, dixeranlle que iso xa non se dicía.

-Pois se xa non se di -murmurou a avoa- , quen somos entón? escoita, Xabi...Non deixes nunca que che digan que falar coma falamos é falar mal.

Xabier, mirouna calado, prometéndose non deixar morrer o falar da súa terra.

A avoa seguiu lavando, moi baixiño, comezou a cantar unha canción que aprendera cando se agochara no monte, na época franquista, na cal falar galego era perigoso, e, un acto de rebeldía:

“Cando penso que te fuches,
negra sombra que me
asombras, ó pé dos meus
cabezales
tornas facéndome mofa.”

O cativo, entendeu que, mentres alguén falase coma eles , a súa loita nunca morrería.

A filla do capitán

Nas noites sen lúa, cando a negrura abafa o peirao de Cariño, hai quen escoita un laio que vén do fondo do océano. Os vellos mariñeiros nunca falan diso, mais os seus ollos delátanos cando miran cara ao mar e fan o sinal da cruz.

Henrique chegou á vila fai dous meses, fuxindo da cidade e das súas lembranzas. Coidaba que o silencio deste recuncho da provincia coruñesa sería o seu refuxio. Equivocábase.

Foi unha noite de brétema cando a viu por primeira vez. Unha figura feminina na beira das rochas, mirando cara ao horizonte. O seu cabelo longo e mollado pegado ao corpo. Pensou que sería unha rapaza imprudente admirando a tormenta.

—¡Señora! ¡É perigoso estar aí! —berrou, mais ela non respondeu.

Ao día seguinte, Lois, o taberneiro, escoitou o seu relato cunha expresión que mesturaba pena e temor.

—Hai cento vinte anos afundiuse un barco nesas augas —explicoulle en voz baixa—. Morreu toda a tripulación, mais nunca atoparon o corpo da filla do capitán. Din que vaga polo peirao, buscando o seu pai.

Henrique riu, incrédulo. Pero esa mesma noite espertou sobresaltado. Un frío penetrante invadía o seu cuarto. Na escuridade, uns ollos baleiros mirábano dende o pé da cama. A figura estaba empapada, a auga formaba un charco no chan. E entre os seus dedos enrugados, como se levase décadas baixo as augas, sostiña un pequeno obxecto brillante.

—¿Axúdame a atopalo? —preguntou cunha voz que semellaba o murmurio das ondas. Dende aquela noite, a cadeira de Henrique na taberna quedou baleira. Os pescadores din que o viron unha última vez, camiñando cara ao mar nunha noite de tormenta, seguindo a unha figura feminina que parecía flotar sobre as rochas.

Agora, cando a brétema baixa espesa sobre Cariño, son dous os laios que se escoitan na distancia. E cada vez que algún forasteiro pregunta polo home da casa azul da costa, os veciños mudan de tema, fan o sinal da cruz e miran cara ao mar con receo.

O segredo da moura de Borneiro

O último día de colexio antes de ir de vacacións, faláranos en lingua galega sobre unha antiga lenda do Castro de Borneiro e sobre unha moura que vivía nese lugar. O caso é que eu son unha persoa bastante curiosa, e non me puideren resistir a investigar sobre esa historia e por iso vouvos contar o que encontrei sobre este conto peculiar.

Dicen os vellos de Cabana de Bergantiños que no Castro de Borneiro vive unha moura, unha muller máxica que garda un tesouro escondido baixo as pedras. Moitos din que é só unha lenda, pero Manuela sempre crera que podía ser verdade.

Unha mañá de néboa, sen dicirlle nada a ninguén, decidiu achegarse ao castro. Levaba tempo sentíndose curiosa, como se algo a chamase dende aquelas pedras velladas. O frío mollado da néboa enchíao todo, e apenas podía ver onde pisaba. Aínda así, seguiu camiñando.

De repente, no medio dunha das casas de pedra, viu algo brillar. Achegouse e atopou un peite dourado, medio enterrado na terra húmida. Era tan bonito que semellaba imposible que alguén o perdera sen máis. Sen pensalo, colleuno.

Nese momento, o chan tremou lixeiramente, e diante dela apareceu unha muller de ollos claros e cabelos longos como o río Anllóns. Era a moura.

—Ese peite é meu —dixo cunha voz suave pero forte—. Agora debes escoller: se te quedas con el, esquecerás todo o que amas. Se mo devolves, dareiche un agasallo que non ten prezo.

Manuela sentiu medo, pero tamén valor. Pensou na súa familia, nos seus amigos, nas festas de San Xoán e nos contos ó carón do lume. Non quería perder todo iso. Sen dubidar, estendeu a man e devolveulle o peite.

A moura sorriu, e das súas mans naceu unha flor azul pequena, que parecía feita de luz.

—Garda esta flor —dixo—. Mentres a coides, terás sorte, amor e alegría. E, cun último sorriso, desapareceu como fume levado polo vento.

Manuela regresou á aldea, coa flor gardada entre as súas mans. Nunca contou a ninguén o que pasara, pero todos dixeron que dende aquel día tiña unha luz especial nos ollos, como quen ten un segredo bonito gardado no corazón.

Balbúcese que aínda hoxe, se pasas a carón polo Castro de Borneiro nas mañás de néboa, din que podes escoitar o murmurio da moura, agardando a quen saiba escoller adecuadamente.

A miña viaxe

«Estou a experimentar un profundo sentimento de mágoa que non sabería moi ben describir. Non, é máis; é unha especie de desacougo. Como sexa, vou rápido que non teño moito tempo. Isto débese a esta nova viaxe, seis meses no océano Atlántico, unha expedición en busca de novas rutas comerciais, ao lombo dun dos mellores barcos do mundo. A envexa de todo mariñeiro, mais eu tiña unha clara inqueda: coñecer unha nova tripulación e unha nova parte do mar que non explorara ata agora.

Atopámonos a escasos minutos de partir do porto da Coruña, o cal se atopa na tranquilidade máis profunda. A cidade á que lle tiña tanto agarimo, onde me criei, onde xoguei, aquel lugar no cal experimentara tal variedade de sensacións e momentos máxicos, algúns deles bos, outros non tanto; porén, son parte da miña historia. Nacín nesta preciosa cidade e tocábame separarme dela.

A ansia notábase en todos os presentes, e aqueles escasos afortunados que tiñan familia: na súa faciana podíase observar dor, tristeza e rezaban pedindo piedade por aquelas persoas que estaban a poucos minutos de emprender a viaxe máis grande das súas vidas. Observábanse a tenrura e a inocencia das mentes máis pequenas sen saber con certeza o que ocorrería, e o sentimento de aflición dos maiores máis conscientes desta realidade.

Eu estou só, mirando o mar que tantas cousas me deu e agora vou adentrarme nel, escribindo isto que deixarei neste porto agochado, por se non volvo, esta será a miña pegada.

Soou a alarma, é a hora; xa que non teño a ninguén, deséxome eu boa sorte.

E para rematar, se estás lendo isto, quero que saibas que es un afortunado: gárdao con amor e investiga acerca da nosa viaxe, por favor, é o meu posible testamento.

Grazas, descoñecido.»

Vedes, rapaces, este é o último relato atopado do home que descubriu un novo continente, o coruñés Arturo Pérez, o cal morreu seis días despois de localizar América.

"Museo Pesqueiro da Coruña".

Un galego coma outro calquera

Nacín en Muxía, terra de pescadores. Era fillo de mariñeiro e neto de mariñeiro tamén, e xa dende pequeno sabía que as redes daban máis fame que peixe. A vila era pobre, pero a pobreza de antes era outra cousa, máis compartida, menos vergoñenta.

Tiñamos unha casa feitiña onde viviamos meu pai, miña nai e os meus tres irmáns pequenos. O lugar da casa onde se facía máis vida era na cociña vella. Na lareira a miña nai cociñaba o caldo e tamén servía para quentarnos nas noites de inverno. Lembro que no canizo, enriba desta, curábanse os chourizos e secábanse as castañas.

Cando fixen os vinte, xa tiña máis calos nas mans que lembranzas felices. Decidín marchar ás Américas, como moitos outros, en busca dun futuro mellor e poder así axudar á miña familia. Adoitaba soñar con converterme nun home de ben con moitos cartos para poder liberar aos meus da pobreza.

Alí a vida non era moito mellor. Traballábamos como mulas todo o día para obter un salario mediocre. Pasaba o tempo e cada vez atopaba choios máis dignos. Tiña morriña, pero tiña tamén fame, e a fame gañáballe sempre á tristura, aínda que non por moito.

E agora, con sesenta e dous anos enriba, estou de volta. Enterrei á miña nai, vendín a casa e díxenlle adeus ao meu fillo. Volvín á miña vila, que está igual de vella ca min, pero con menos xente e máis cemento. Chove, como sempre, e iso consólanos aos que nunca aprendemos a estar contentos co sol.

O sentimento era de culpa e á vez de pena por terme ido, e dalgún xeito, perderme parte da miña propia vida.

Hoxe fun ao mar, ao mesmo peirao de onde partín. As pedras seguen alí, coma sempre. Sentei, pechei os ollos e pensei: "Agora si, estou na casa".